

**ROGO DE AER SOBRE A MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NO ENTORNO DO  
COLEXIO LAREDO**

PLENO 26 ABRIL 2012. ACTA 7/2012

Invitados por un veciño de Chapela, fomos dar unha volta polo entorno do colexio Laredo. Comprobamos a ausencia de pasos de peóns, así como dunha sinalización necesaria que indique a proximidade dun colexio. Esta situación é aínda máis grave, pois esta zona está a carón do paseo marítimo de Chapela, lugar de lecer onde acoden moitas familias con nenos. Por todo isto, rogamos ao señor alcalde que tome as medidas necesarias para mellorar a seguridade viaria desta zona, dotándoa de pasos de peóns elevados, dunha maior sinalización vertical que indique a proximidade do colexio, así como de beirarrúas na rúa do peirao e na rúa de acceso ao colexio.